

En Galicia a **transición entre a Idade Media e a Idade Moderna foi traumática** pola loita dinástica que se produciu tras a morte de Henrique IV de Trastámara (1474): a nobreza galega apoiou a Xoana a Beltranexa, que perdeu a guerra fronte a Isabel a Católica. Isto marcará o inicio dos **Séculos Escuros**: o reino de Galicia será sometido á represión, será transformado nunha provincia sen voto en Cortes. Durante os séculos XVI e XVII os **cargos** máis importantes **da Administración** serán exercidos por xente de fóra que descoñece a lingua. A **nobreza** galega arrímase á corte castelá durante o reinado dos Reis Católicos e inicia un proceso crecente de desgaleguización. O **clero** inicia a reforma dos mosteiros, polo que os galegos perden autonomía pasando a depender das congregacións castelás.

Desde o século XVI ata o XVIII incluído, período que coñecemos como Séculos Escuros, case non se escribirá en galego **nin haberá modelo culto** para a lingua polo que esta cae nun estado de **dialectalización** e vulgarización. As clases urbanas empezan a falar en **castelán**. Desta época son as primeiras castelanizacións de topónimos e antropónimos. En Galicia a **producción literaria** culta é practicamente **nula**. O galego tamén quedou á marxe do xurdimento da imprenta, as primeiras universidades, ou movementos culturais como o Renacemento ou o Humanismo.

Conservamos **poucas mostras escritas** de literatura en galego desta época (séculos XVI, XVII e XVIII) e todas elas de cuestionable calidade. Non hai rastro de prosa durante este período, só algunhas mostras de poesía e unha obra de teatro.

Nun primeiro grupo incluímos a **poesía anónima tradicional** que é a literatura de carácter popular, con dúas tipoloxías, dun lado **cançons paralelísticas**, das que conservamos **20 composicións** en galego nos cancioneros musicais casteláns dos séculos XV e XVI; e por outro, **dous poemas narrativos** referidos a temas históricos: o **“Pranto da Frouseira”** de finais do século XV, poema de 32 versos que conta a morte do Mariscal Pedro Pardo de Cela e do seu fillo, decapitados en Mondoñedo en 1483 por rebelárense contra os Reis Católicos; e o **“Saqueo de Cangas polos turcos”** que narra a incursión dos turcos en Cangas no 1617.

Nun segundo grupo incluímos as mostras de **poesía culta**, de maior valor filolóxico ca literario:

- a) Do **século XVI** conservamos dous poemas renacentistas: o **“Soneto de Monterrei”**, poema dialogado, anónimo, semellante a unha pastorela, e o **soneto da condessa de Altamira**, dona Isabel de Castro e Andrade dedicado a Alonso Ercilla, de 1578.
- b) Do **século XVII** conservamos varias mostras de poesía barroca:
 - Dúas composicións en galego dentro do volumen dedicado ás *Exequias á Raíña Margarida de Austria*, ambas do 1611, o soneto **“Respice finem”** do médico Pedro Vázquez de Neira, e o **“Soneto con falda”** de Xoán Gómez Tonel;
 - As **“Décimas ao Apóstolo Santiago”** (1617), do crego Martín Torrado, quen critica con ironía a pretensión de Felipe IV de que Santa Teresa fose, xunto co Apóstolo, copatroa de España.
 - Conservamos **9 romances** en galego no volume do ano 1697 que recolle as composicións das **Festas Minervais** (certame poético que viña celebrándose na universidade de Santiago desde 1536).

Ademais da poesía comentada, temos abundantes mostras de **vilancicos de Nadal e Reis** entre os séculos XVI e XIX. Caracterízanse pola galeguización dos personaxes e motivos (o contorno, o Neno e os seus país, os instrumentos populares...), polo uso do paralelismo e pola combinación de elementos populares e cultos. Tiveron tanta aceptación que mesmo se compuxeron para seren cantados en Portugal, Valladolid ou Toledo. A maior parte son anónimos, pero de algún deles coñecemos os autores.

Por último, conservamos unha peza teatral: o **Entremés famoso sobre a pesca no río Miño** de 1617, de Gabriel Feixoo de Araúxo, que trata do conflito pola pesca entre galegos e portugueses.